

BBVA, o persoal deuno todo: Agora el necesítate.

Como é sabido, **o noso sector** considerado servizo esencial nesta crise, **tívoise que adaptar en tempo récord a novas formas de prestación de servizo**, para garantir a saúde dos traballadores e traballadoras, e evitar a propagación do virus COVID-19 que provocou esta pandemia a nivel mundial. E **BBVA** para poder dar servizo á clientela, **actuou axilmente ante devandita situación con medidas como o teletraballo**.

Moitos compañeiros e compañeiras desde as súas casas estiveron facendo accións comerciais, gravando operacións, atendendo chamadas de clientes, **coa tripla presión** provocada pola **inquietude e o medo**, pola que exerceron os/as **clientes/as preocupados/as** polos seus investimentos ou a súa liquidez e, para rematar, por ter a **toda a familia confinada xusto á beira do novo posto de traballo**. E con todo, conseguírono. **Comportáronse como heroes e heroínas tanto as persoas que teletraballaron como as que estiveron en quendas presenciais, e ambos sistemas combinados funcionaron perfectamente para o Banco**.

Agora estamos entrando **na fase de reincorporación paulatina y reapertura de oficinas**, na que **o Banco está actuando de forma totalmente improvisada, sen dar información con antelación suficiente y sen un criterio claro**. E o que é máis grave, isto faise **como se nada ocorrese**, coma si vivísemos aínda no día 12 de marzo, cando cada persoa tiña a súa vida laboral e persoal adaptada a **unha normalidade que agora non existe**.

A Representación Legal dos/as Traballadores/as temos instado reiteradamente ao Banco a **buscar solucións** para todas aquelas situacións persoais, **que impiden prestar servizo de xeito presencial** a diversos colectivos de compañeiros y compañeiras. **Entre as casuísticas, sen dúbida algunha, o peche dos centros escolares até o vindeiro curso é unha das máis importantes e graves**.

Temos reclamado ao Banco solucións, pero fai ouvidos xordos ao problema. A única alternativa que queda son suspensións de contrato sen remunerar ou reducións de xornada ao 100%, que non son boas para ningunha das partes. E non o son, porque **prexudican economicamente ao traballador/a e organizativamente á empresa que deixa de contar co devandito activo**. Onde encaixa que a única saída sexa que a persoa non estea, nin dunha nin doutra forma?. BBVA, como parte da sociedade na que vivimos, ten o deber de ser sensíbel coa situación.

Por todo o anterior, esiximos a BBVA que poña en valor o labor de todo este persoal que se desviviou -e se desvive- pola nosa entidade. Non só con palabras bonitas, se non con feitos. **É agora cando o persoal necesita que o Banco apoie unha verdadeira conciliación**.